



A ampliación da Vía Rápida do Barbanza está poñendo en grave perigo as Minas de Lampón (Boiro, A Coruña).

De xeito breve relatamos neste informe as características máis importantes que fan necesaria a súa protección e conservación:

## 1- *Patrimonio histórico- cultural de interés turístico*

Este complexo mineiro pode ser catalogado de gran interese polo seu **patrimonio histórico, cultural** e de gran importancia para a **arqueoloxía industrial** da comarca do Barbanza.

Estas minas son un conxunto de túneles, galerías, salas (de aprox. máis de 15x10x10 metros) e pozos que estaban adicados á extracción de wolfram e estaño. O seu maior nivel de actividade desenrolouse durante a II Guerra Mundial pola importancia do wolfram para a fabricación de armamento.

Este complexo sistema mineiro ocupa varios kilómetros subterráneos a diferentes niveis de profundidade. A comunicación co exterior e entre as distintas galerías realizábase principalmente a través de pozos verticais que podían chegar a acadar máis de 30 metros de profundidade.

No anexo I pódese observar un mapa aproximado das zonas accesibles que exploramos de dúas das minas afectadas polas obras. Chama a atención a lonxitude das galerías, os diferentes niveis e a profundidade dos pozos. Nembargantes, estas dúas minas eran consideradas secundarias pola empresa comparandoas cas minas chamadas do “Pozo Maestro” e a “Porta dos Ingleses”.

## 2- *Ecossistema único e punto quente de biodiversidade*

Tralo fin das actividades industriais as minas transformáronse en **novos ecosistemas e hábitats** para un sinfín de especies, converténdose nun **punto quente de biodiversidade**. Moitas destas especies están consideradas coma “**ameazadas**” en catálogos internacionais como o da UICN (Union Mundial para la Naturaleza), o Libro Vermello dos Vertebrados Ibéricos e o Catálogo de Fauna Ameazada Galego. Coma se describe nas leis de conservación de natureza 4/89 e 6/01 a conservación e protección destas especies é unha prioridade moi importante para a nosa sociedade.

Relación dalgunhas das especies de vertebrados que se poden atopar:

### **Mamíferos**

- Morcego Grande de Ferradura *Rinolophus ferrumequinum*
- Morcego pequeno de ferradura *Rinolophus hipposideros*
- Morcego común *Pipistrelus pipistrelus*

### **Anfibios**

- Píntega *Salamandra salamandra*
- Sapo común *Bufo bufo*
- Saramaganta *Chioglossa lusitanica*
- Pintafontes común *Triturus boscai*



-Pintafontes palmado *Triturus helveticus*

No tocante aos mamíferos atopados nestas minas, podemos estar falando do **refuxio e lugar de hibernación** (indispensable para que os morcegos poidan sobrevivir ao inverno) dunha das **maiores colonias** de morcegos do Barbanza e da provincia da Coruña, en concreto para os rinófolos (figura 1a). Este feito foi confirmado polos numerosos e abundantes restos da súa actividade, os individuos observados e a localización de parideiras (galerías onde as femias establecen vínculos sociais para posteriormente facilitar a cría dos xuvenís).

Con respecto aos anfibios, en concreto para a saramaganta *Chioglossa lusitanica* (figura 1b), atopala nestas minas resultou un descubrimento moi importante. Esta especie de anfibio é **única** no mundo e é considerada como unha **xoia da herpetofauna europea**. A saramaganta aínda resulta para a ciencia un animal moi descoñecido debido aos seus hábitos discretísimos e a súa paixón polos lugares profundos, húmidos e moi agochados. A súa distribución **redúcese** a Galiza (na súa maior parte), norte de Portugal e o oeste de Asturias. Os seus costumes tan discretos elévanse á máxima potencia cando se fala da súa reprodución, aínda hoxe en día moi pouco estudada e coñecida. O feito de atopar xuvenís, confirmou a reprodución dentro da mina, **elevando** sen lugar a dúbidas o **valor de conservación, de biodiversidade e científico** das Minas de Lampón.

Por todas estas razóns, a conservación das minas coma ecosistema e hábitat fundamental de todas estas especies debería ser unha prioridade esencial para o mantemento do noso patrimonio natural e da biodiversidade. Máis aínda tendo en conta, que as minas son un dos poucos refuxios impenetrables para os tan temidos incendios forestais que asolan a nosa terra. Así conforman unha fonte de recuperación para as poboacións do exterior reducidas en boa medida polo lume.



Fig a)



Fig b)

Fig. 1. a) Morcego grande de ferradura colgado do teito dunha galería, b) exemplares adultos de saramaganta no chan perto da auga.

### *3- Perigo para a saúde pública*

Esta obra estase a realizar sen ningún tipo de coñecemento do terreo minado que hai debaixo da Vía Rápida. Nin a Cámara Oficial de Minería de Galicia, nin os actuais propietarios das minas, que gardan a escasa documentación existente, dispoñen de planos das mesmas. Ademais, non se realizou ningún estudo para coñecer a ubicación das galerías, salas e pozos que poderían afundir os cimentos do Viaducto da Mina en caso de encontrarse debaixo dalgún dos pilares.

Tampouco se tivo en conta a proximidade das galerías da mina de cara a utilización de cargas de explosivos. Polo tanto existe un risco de derrumbamento e degradación da estrutura interna da mina, constituindo un perigo constante para a poboación veciña, os obreiros que están alí traballando e os futuros usuarios da Vía Rápida.